

Galego - Galiziano

## OS DEREITOS NATURAIS DOS RAPACES E DAS RAPAZAS

### 1º O DEREITO Ó LECER

A ter tempos non programados polos maiores.

### 2º O DEREITO A ESPORCARSE,

A xogar coa area e coa terra, coa herba e coas follas, coa auga, cós coios e coas pólas.

### 3º O DEREITO ÓS CHEIROS

A perceber e recoñecer os arrecendos da natureza.

### 4º O DEREITO Ó DIÁLOGO

A escoitar e poder toma-la palabra; e a conversar.

### 5º O DEREITO Ó USO DAS MAOS

A martelar puntas, a cortar e lixar madeiros,  
pegar,- modelar a terra, ligar cordas, acende-lo lume.

### 6º O DEREITO A UN BO COMEZO

A almorzar con produtos sanos dende o nacemento bebe-la auga limpa e respira-lo aire puro.

### 7º O DEREITO Á RÚA

A xogar nas prazas libremente, a camiñar polas estradas.

### 8º O DEREITO Ó MONTE

A construír un refuxio-xogo nas fragas veciñas, a ter guaridas onde agocharse, árbores polas que agatuñar.

### 9º O DEREITO Ó SILENCIO

A escoita-lo soprar do vento, o cantar dos paxaros, o escorrer da auga, o bater do mar.

### 10º O DEREITO ÓS MATICES,

A ve-lo amencer, o solpor, o entre lusco e fusco; a contemplar na noite, a lúa e as estrelas.

Alejandro da Vigo (Galizia)